



Arranque para esquecer do Club Ciclista Rías Baixas na Volta a León. David Pérez fracturouse a clavícula tras verse involucrado nunha caída nos primeiros quilómetros desta xornada con [súa caída en Cembranos e chegada en Calzada de Coto](#). Samuel Rodríguez tamén caeu, pero puido continuar. O vento xogou un papel fundamental durante toda a etapa. Cristian Mota, 37º a 56 segundos do ganador Francesc Zurita (Infisport), foi o mellor clasificado do conxunto miñorano.

O percance sufrido por David Pérez supón unha notable baixa para a formación dirixida por Marcos Serrano. Na súa segunda tempada en en a categoría Élite e Sub 23, o redondelán estaba demostrando unha gran regularidade e realizando un importante labor como home de equipo. A directiva da entidade, o corpo técnico e os seus compañeiros deséxanlle unha pronta recuperación e esperan velo deica pouco dando guerra de novo sobre a bicicleta.

Ningún dos seis superviventes do Club Ciclista Rías Baixas en León puido filtrarse no corte dianteiro. Cristian Mota finalizou no segundo grupo, pese ao esforzo extra que tivo que realizar debido a un pinchazo no tramo inicial. Pola súa banda, Alejandro Santos perdeu 1 minuto e 24 segundos, entrando no posto 57. A máis de seis minutos chegaron Kevin Gómez e Adrián Avelleira, mentres que Samuel Rodríguez cedeu case once minutos e Xoel Dias quince.

Mañá ao pelotón da Volta a León espéranlle 122 quilómetros entre Pousada de Valdeón e

Caída na primeira etapa da Volta León provoca fractura de clavícula ao defensor miñorán David Pérez

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 21 Xullo 2015 21:42

Sabero, con dúas ascensións puntuables a metade de percorrido.